

SOBOR DE DATOS E POLÍTICAS EDUCATIVAS NO NOSO PAÍS

Para entender moitas veces as políticas reais que se están a facer, primeiro temos que buscar e escoller os datos xerados ao longo de varios anos, cursos escolares no noso caso, para lograr interpretar as verdadeiras intencións dun goberno ou gobernos en xeral. Así, segundo os datos oficiais da Xunta de Galicia publicados no DOG durante este último lustro, 117 novas unidades escolares foron concertadas coa escola privada, maioritariamente profesionais nas diferentes etapas educativas obrigatorias (educación primaria, educación especial e educación secundaria obrigatoria) e non obrigatorias (educación infantil, FP básica, Ciclos formativos de grao medio de FP, Ciclos formativos de grao superior de FP), chegándose á cifra récord de 3.954 unidades concertadas co sistema privado nesta etapa do goberno autonómico liderado polo PP, aínda que este proceso xa viñera dende a etapa do bipartito na Xunta de Galicia.

Cos datos oficiais, un 25% do alumnado galego actualmente está escolarizado nese ámbito concertado-privado. Ao mesmo tempo, nestes tres últimos cursos as Ordes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dos meses de Xullo onde se modifican as unidades dos centros públicos dependentes da Consellería, dá como saldo negativo 122 unidades menos. Curiosamente, fronte ás mesmas circunstancias de saldo vexetativo negativo, caída da taxa de natalidade nun 30% aproximadamente nestes últimos dez anos en Galicia, a política da Administración galega é aumentar a porcentaxe de alumnado nos centros concertados e diminuír a dos centros públicos (que nos casos do noso rural están pechando nun número importante e o problema empeza a sentirse tamén nas cidades). As razón destes datos coma sempre están nos cartos empregados nun caso ou noutro, xa que ese 25% de alumnado escolarizado na concertada custa ao erario público adicado a educación un 11% aproximadamente, que principalmente vai adicado a pagar as nóminas do profesorado que traballa ligado a ese concerto. Por suposto non hai que pagar as infraestruturas novas, o mantemento, financiamento dos comedores escolares, a xestión directa do profesorado, etc.

Que quere dicir isto? Que interesa moito externalizar este servizo dende o punto de vista económico e de esquecer outros problemas, como tamén se intenta facer noutros ámbitos dos piares do estado do benestar: na sanidade, ou nos coidados ás persoas maiores.

A Lei Orgánica de Ordenación General do Sistema Educativo (LOGSE) de 1990, configurou o concepto do concerto educativo, por dúas razóns principais. Por unha banda o control da financiación pública os centros educativos privados e, por outra banda, aumentar a oferta de prazas escolares. Nese momento da chegada do “baby boom” o nº de aulas públicas eran insuficientes para cubrir a demanda de ampliación do período escolar obrigatorio. Agora que o retroceso da natalidade é tan evidente, os concertos coa educación privada non se reducen senón que se amplían ¿extraña capacidade de liberdade de elección dos pais-nais que argumentan os políticos en moitas ocasións?.

Agora gustaríanos falar dun exemplo moi cercano, de xestionar un problema similar pero dun modo totalmente diferente. Ese exemplo está ao outro lado da raia, os nosos veciños portugueses. Portugal empezou a mudar a súa política educativa xa fai máis de 12 anos, cando vendo os seus malos resultados no cacareado (polos/as políticos/as españois) informe Pisa, planificaron un modelo educativo con vistas a varias xeracións vindeiras cos seguintes eixos:

1. Unha maior inversión educativa real respecto ao seu PIB, Portugal actualmente está alcanzando o 5% do seu PIB e España está no 4.1%.
2. O seu sistema educativo é máis democrático, no senso de que os centros escolares teñen un maior grao de independencia respecto á Administración á hora de tomar decisións que competen o seu proxecto, en función da zona na que se atopa o centro, os seus recursos e tamén o nivel socio económico do alumnado.
3. O profesorado está moi ben formado (formación inicial e continua) cunhas altas capacidades prácticas de formación dende etapas moi iniciais, unha grande cantidade de ferramentas e recursos metodolóxicos. Por outra banda están moi ben pagados e, a súa vez, moi ben valorados na sociedade.
4. Supresión de máis da metade dos concertos educativos con centros privados, para alcanzar unha educación máis igualitaria, laica e coa consigna da calidade. En Portugal, aproximadamente só un 4% dos nenos escolarizados vai a unha escola concertada, chegando a case un 84% do alumnado en escolas públicas, mentres que en España ronda o 68% e en Galicia un 75%.

Os resultados en liñas xerais son:

- Informe Pisa do ano 2015 (último con datos dispoñibles), Portugal supera en varias posicións a España en todas as facetas do informe (matemáticas, comprensión lectora e ciencias).
- Abandono escolar en Portugal aproximadamente un 11.8%, mentres que en España ronda o 18%.
- Portugal é o país da UE que está recoñecido como o que máis posicións avanzou neste último lustro en calidade educativa e bos resultados académicos que se ve reflexado no nivel de emprendemento empresarial e capacidade de desenvolvemento do país.

Como conclusión, podemos dicir que os datos son fríos cando se len dun modo espallado e sen ter una visión global do que significan, pero sumando a intencionalidade política, os esforzos e o paso do tempo, ao final cada un logra o que se propón coma ideario. España necesita o patriotismo de ter unha política educativa con visión de varias xeracións vista, aumentando o gasto educativo real, fortalecendo a escola pública de igualdade de oportunidades, reducir os concertos coa escola privada agora que xa non son necesarios, laicidade nas aulas xa que somos una democracia aconfesional, e unha formación do profesorado inicial e continua e con maior independencia dos/as profesionais para que tomen decisións no ámbito educativo.